



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Turismo Interior e Rural

|                       |   |              |            |                    |
|-----------------------|---|--------------|------------|--------------------|
| Materia               | Turismo Interior e Rural  |              |            |                    |
| Código                | 004M097V01105   |              |            |                    |
| Titulación            | Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde  |              |            |                    |
| Descritores           | Creditos ECTS<br>6  | Sinale<br>OB | Curso<br>1 | Cuadrimestre<br>1c |
| Lingua de impartición | Castelán<br>Galego  |              |            |                    |
| Departamento          |   |              |            |                    |
| Coordinador/a         | Gueimonde Canto, Ana Isabel   |              |            |                    |
| Profesorado           | Blanco Cerradelo, Lidia<br>Cuiñas Otero, Emilio<br>Gil Pereiras, María del Carmen<br>Gueimonde Canto, Ana Isabel  |              |            |                    |
| Correo-e              | agueimonde@uvigo.es   |              |            |                    |
| Web                   | <a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>   |              |            |                    |
| Descrición xeral      | Nesta materia analízanse os espazos turísticos de interior, así como todas as iniciativas de xestión turística para esta tipoloxía de destinos. Dentro do turismo de interior tamén se abordará o turismo cultural, turismo rural e turismo urbano, entre outros. |              |            |                    |

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

|        |  |
|--------|--|
| Código |  |
| B1     | Analizar e relacionar a dimensión e o carácter dinámico do Turismo e o seu incidencia na Xestión e Dirección.  |
| B2     | Predecir os potenciais turísticos dun territorio.  |
| B3     | Utilizar métodos de xestión empresarial que conduzan á innovación e desenvolvemento do negocio.  |
| B4     | Definir prioridades na consecución de obxectivos.  |
| B5     | Hipotetizar as novas situacións.   |
| B6     | Aconsellar estratexias e resolver problemas.   |
| B7     | Planear nun contexto de responsabilidade social.   |
| B8     | Inferir e valorar con espírito crítico os resultados obtidos.  |
| B9     | Aplicar as técnicas de promoción e de marketing de servizos.   |
| B10    | Negociar: chegar a acordos.  |
| B11    | Organizar e liderar equipos.   |
| B12    | Definir as competencias e habilidades a nivel individual, grupal e organizativo.   |
| B13    | Promover o coñecemento e desenvolver instrumentos e procedementos que sexan sensibles ao recoñecemento das diferenzas entre mulleres e homes, procedencia e funcionalidad, á vez que potencien o enriquecemento humano dos equipos e das persoas sen diferenciar en canto a xénero, oportunidades e accesibilidade para todos, incluíndo os valores democráticos da sociedade europea actual, o fomento da cultura da paz e a protección medioambiental. |
| C7     | Listar as competencias e funcións das diferentes áreas de xestión.   |
| C8     | Definir as novas tendencias na creación de produtos turísticos.  |
| C9     | Describir as políticas públicas que afectan ao destino.  |
| C10    | Citar as técnicas de dirección empresarial.  |
| C11    | Definir as tendencias e a dinámica do os mercados turísticos.  |
| C12    | Dirixir, organizar e gestionar medioambientalmente os distintos tipos de entidades turísticas, así como dos seus diferentes departamentos (financeiro, comercial, persoal, ...).   |
| C13    | Gestionar o territorio turístico con criterios sostenibles.  |
| C15    | Diagnosticar necesidades e oportunidades e identificar as potencialidades e ameazas do destino.  |
| C16    | Deseñar produtos e priorizar proxectos turísticos.   |
| C17    | Explicar o destino turístico como sistema.   |

- C18 Valorar sistemas de control da evolución da actividade turística.  
 C20 Relacionar axentes implicados no desenvolvemento do produto turístico.  
 C21 Construír a imaxe da organización.

### Resultados previstos na materia

| Resultados previstos na materia   | Resultados de Formación e Aprendizaxe   |
|---|---|
| Sintetizar os elementos e factores da actividade turística en destinos de interior                            | B1<br>B2<br>B3<br>B6<br>B9<br>B12<br>B13<br>C7<br>C9<br>C10<br>C11<br>C17<br>C18<br>C20 |
| Identificar a oferta e a demanda turística en destinos de interior  | B1<br>B2<br>B5<br>C8<br>C11   |
| Identificar as principais empresas e actividades turísticas en destinos de interior                           | B2<br>B3<br>B4<br>B6<br>C7<br>C12<br>C17<br>C20<br>C21                                  |
| Avaliar e interpretar o significado das relacións espaciais como factores que inflúen na actividade turística | C13<br>C15<br>C17<br>C18<br>C20   |
| Planificar percorridos turísticos en contextos urbanos e rurais   | B2<br>B4<br>B6<br>B7<br>B9<br>B10<br>B11<br>B13<br>C8<br>C16                            |
| Atopar e aplicar metodoloxías adecuadas para valorizar os potenciais turísticos nos espazos urbanos e rurais  | B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B8<br>B9<br>C8<br>C11                                     |

### Contidos

Tema

1. Teoría xeral do turismo interior
2. Patrimonio cultural e turismo
3. Turismo rural
4. Turismo urbano

| <b>Planificación</b>                      |               |                    |              |
|---|---------------|--------------------|--------------|
|   | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
| Seminario                                 | 20            | 18                 | 38           |
| Obradoiro                                 | 5             | 0                  | 5            |
| Estudo de casos                           | 5             | 0                  | 5            |
| Foros de discusión                        | 0             | 18                 | 18           |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0             | 78                 | 78           |
| Exame de preguntas obxectivas             | 1             | 5                  | 6            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

| <b>Metodoloxía docente</b>                |   |
|---|---|
|   | Descrición  |
| Seminario                                 | Aulas teórico-prácticas.  |
| Obradoiro                                 | Obradoiro de turismo urbano pola cidade de Ourense. Exposición sobre o terreo de diferentes exemplos de turismo urbano. |
| Estudo de casos                           | Estudo de casos prácticos vinculados coa materia.   |
| Foros de discusión                        | Esta actividade consistirá na participación en foros de discusión que se crearán sobre temas relacionados coa materia.  |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Encomendarase a realización de catro traballos ou exercicios prácticos, arredor de cada un dos temas da materia.        |

| <b>Atención personalizada</b>             |   |
|---|---|
| Metodoloxías                              | Descrición  |
| Foros de discusión                        | A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas sobre a materia, desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorías presenciais no despacho da docente) como non presenciais (consultas vía e-mail ou titorías por Campus Remoto). |
| Resolución de problemas de forma autónoma | A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas sobre a materia, desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorías presenciais no despacho da docente) como non presenciais (consultas vía e-mail ou titorías por Campus Remoto). |
| Probas                                    | Descrición  |
| Exame de preguntas obxectivas             | A atención personalizada, co fin de resolver dúbidas sobre a materia, desenvolverase tanto a través de actividades presenciais (titorías presenciais no despacho da docente) como non presenciais (consultas vía e-mail ou titorías por Campus Remoto). |

| <b>Avaliación</b>                         |  |               |  |  |
|---|--|---------------|--|--|
|   | Descrición   | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe                      |  |
| Foros de discusión                        | Actividade consistente en realizar contribucións a debates en foros sobre temas relacionados cos contidos da materia.<br><br>Cada participante do curso deberá de contribuír como mínimo con unha participación en cada foro que se cree.<br><br>Valorarase a calidade, rigor e relevancia dos comentarios, así como o uso de fontes de información adecuadas e rigorosas para fundamentar as propostas. | 8             | B1<br>B2<br>B5<br>B6<br>B10<br>B11<br>B13                  | C11<br>C15<br>C17<br>C18<br>C20<br>C21                                 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 4 traballos sobre cada un dos temas da materia.<br>Cada traballo terá un peso do 18% dentro da nota global.<br>En cada traballo valorarase:<br>- Precisión e claridade na exposición das ideas principais.<br>- Orde e coherencia de argumentos.<br>- Capacidade analítica, de relación, e o sentido crítico.<br>- Corrección formal.<br>- Correcto uso das fontes e referencias bibliográficas.         | 72            | B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B9<br>B12<br>B13 | C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C12<br>C13<br>C15<br>C16<br>C17<br>C20 |

|                               |  |    |                            |   |
|-------------------------------|--|----|----------------------------|---|
| Exame de preguntas obxectivas | Proba de seguimento da adquisición das competencias e coñecementos da materia. | 20 | B1<br>B3<br>B6<br>B7<br>B8 | C7<br>C8<br>C9<br>C10<br>C11<br>C15<br>C17<br>C20 |
|-------------------------------|--|----|----------------------------|---|

---

### Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de avaliación continua (AC), ou alternativamente optar por unha proba de Avaliación Global (AG). A avaliación por defecto é a AC.

Para ser avaliado mediante AG, o alumnado deberá comunicar a súa preferencia por este sistema de avaliación á profesora coordinadora da materia, mediante o envío dun correo electrónico con acuse de recibo, no prazo do 11 de setembro a 11 de outubro. A escolla de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida até ese momento en calquera das probas que xa tiveran lugar.

#### SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA (AC).

##### METODOLOXÍA/PROBA 1: Foro de discusión.

**Descrición:** A docente proporá temas de debate e reflexión a través de foros virtuais. Pedirase ao alumnado que realice contribucións, achegando as súas consideracións e realizando propostas desde as posicións diversas e diversos puntos de vista. A finalidade é confrontar enfoques, visualizar posicións diferentes, desde territorios diversos e comprensións multilaterais do turismo.

**% Cualificación:** 8%

-----

##### METODOLOXÍA/PROBA 2: Traballo Tema 1.

**Descrición:** Proporanse actividades sobre a temática [Teoría xeral do turismo interior]. Consistirán en varias preguntas, ou problemáticas que o alumnado deberá responder, resolver e analizar.

**% Cualificación:** 18%

**% mínimo:** Para a liberación desta parte da materia, o alumnado deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.

-----

##### METODOLOXÍA/PROBA 3: Traballo Tema 2.

**Descrición:** Proporanse actividades sobre a temática [Patrimonio cultural e turismo]. Consistirán en varias preguntas, ou problemáticas que o alumnado deberá responder, resolver e analizar.

**% Cualificación:** 18%

**% mínimo:** Para a liberación desta parte da materia, o alumnado deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.

-----

##### METODOLOXÍA/PROBA 4: Traballo Tema 3.

**Descrición:** Proporanse actividades sobre a temática [Turismo rural]. Consistirán en varias preguntas, ou problemáticas que o alumnado deberá responder, resolver e analizar.

**% Cualificación:** 18%

**% mínimo:** Para a liberación desta parte da materia, o alumnado deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.

-----

##### METODOLOXÍA/PROBA 5: Traballo Tema 4.

**Descrición:** Proporanse actividades sobre a temática [Turismo urbano]. Consistirán en varias preguntas, ou problemáticas que o alumnado deberá responder, resolver e analizar.

**% Cualificación:** 18%

**% mínimo:** Para a liberación desta parte da materia, o alumnado deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10.

-----

**METODOLOXÍA/PROBA 6:** Exame test.

**Descrición:** A final de curso, na data oficial do exame da materia, realizarase un exame, co fin de avaliar a adquisición e comprensión dos conceptos e procesos esenciais relativos aos temas impartidos.

**% Cualificación:** 20%

**% mínimo:** Para a liberación desta parte da materia, o alumnado deberá obter unha cualificación de 5 sobre 10 no conxunto do exame.

-----

#### **Aclaracións sobre a avaliación continua:**

No caso de que algún alumno/a non supere o exame tipo test e/ou algún traballo na 1ª oportunidade (1ª edición de actas). É dicir, no caso de que non se presente a algunha destas probas, ou obteña unha nota inferior a 5 en algunha destas probas:

- Poderá recuperar o exame e/ou traballo suspenso/s na data oficial establecida para a 2ª edición de actas.
- O alumnado que se atope nesa situación terá unha cualificación de suspenso na primeira oportunidade (1ª edición da acta). A nota numérica que lle aparecería en actas na primeira oportunidade sería a correspondente á media ponderada das diferentes probas de avaliación, e en caso de que a media dese aprobado, apareceríalle unha cualificación de 4,9.

A avaliación será a mesma para as 3 modalidades de docencia: presencial, semipresencial e online.

#### **SISTEMA DE AVALIACIÓN GLOBAL (AG)**

**PRIMEIRA PARTE DA PROBA:** Exame tipo test.

**Descrición:** Proba obxectiva que valorará a adquisición e comprensión dos conceptos e procesos esenciais da materia.

**% Cualificación:** 30%

**% mínimo:** Para a liberación desta parte da materia, o/a estudante deberá obter unha nota igual ou superior a 7 puntos (sobre 10).

-----

**SEGUNDA PARTE DA PROBA:** Exame de cuestións teórico-prácticas.

**Descrición:** Proba que incluírá avaliación de conceptos teóricos e resolución de problemas.

**% Cualificación:** 70%

-----

**Aclaracións sobre a avaliación global:** O estudantado que siga o sistema de avaliación global deberá obter polo menos un 7 sobre 10 no exame de preguntas obxectivas (primeira parte da proba). A nota numérica que figuraría na acta para o alumnado que non acade esta nota mínima, sería a nota obtida nesa proba, cando fose inferior a 4,9. Se esa nota fose igual ou superior a 4,9, aparecería unha nota de 4,9.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como "non presentados".

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos) do *Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado* (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobadas pola Comisión Académica do Mestrado para o curso en vigor. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web do mestrado (<http://www.masterturismoourense.es/>).

#### **CONSULTA/ SOLICITUDE DE TITORÍAS**

---

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Crosby, A., **Re-inventando el turismo rural: gestion y desarrollo**, Laertes, 2009

Gomez Borja, M.A.; Mondejar Jimenez, J.A.; Sevilla Sevilla, C. (Coord.), **Gestión del turismo cultural y de ciudad**, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2005

O.M.T., **El Turismo urbano y la cultura: la experiencia europea**, O.M.T., 2005

Valenzuela Rubio (Coord.), **Los Turismos de Interior: El retorno a la tradición viajera**, Ediciones de la Universidad Autónoma de Madrid, 1997

#### **Bibliografía Complementaria**

---

---

### **Recomendacións**

#### **Outros comentarios**

Esta guía docente anticipa as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia, podéñse requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do curso e/ou do grupo de destinatarios real ou pola relevancia das situacións que puidesen xurdir. Achegaráselle ao alumnado a información e as pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.